

G. Navaza (2002): “Dialectoloxía e toponimia”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 137-146.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## DIALECTOLOXÍA E TOPONIMIA

*Gonzalo Navaza*

Universidade de Vigo

Cando se nos propuxo intervir nestas xornadas para falar das vinculacións da toponimia coa dialectoloxía e a xeografía lingüística, en particular as referidas ó léxico, aceptamos gustosos porque desde a Comisión de Toponimia acababamos de poñer en marcha un proxecto ambicioso de recolleita de microtoponimia cunha densidade como nunca se ten feito no noso territorio. Un cálculo optimista facíanos pensar que desde o inicio do proxecto ata a celebración destas xornadas poderíamos dispoñer dunha base de datos moi ampla onde cada topónimo constase coa súa forma local recollida *in situ* e as súas coordenadas xeográficas exactas, o que permitiría establecer con precisión algunhas isoglosas singificativas. O caso é que despois de algo máis dun ano, diferentes problemas, os máis deles relacionados coa escasa dotación económica de que se dispón, fixeron que non se alcanzasen os obxectivos previstos. Trátase dun proxecto da Comisión de Toponimia apoiado na tecnoloxía cartográfica máis recente, proporcionada polo SITGA da Sociedade de Desenvolvemento Comarcal. Non pretende unha recolleita exhaustiva de toda a microtoponimia, pero achégase bastante a ese ideal de exhaustividade. Entre o tempo que se perdeu no adestramento dos bolseiros que fan o traballo de campo e mailo reducido número destes (cinco unicamente, fronte ó que sucedeu por exemplo no País Vasco, onde traballaron corenta persoas durante cinco anos para normaliza-la rotulación da cartografía 1:25.000) atopámonos hoxe con información moi detallada da toponimia de cinco pequenas illas perdidas no territorio galego que cobren un espacio tan estreito que dificilmente permiten establecer fronteiras lingüísticas de ningún tipo. Así as cousas, optamos por participar igualmente (falo por min e polo meu compañeiro o doutor Palacio, que falará sobre diferentes resultados toponímicos do latín AGRU) aínda que sen aternos *strictu sensu* ó obxecto destas xornadas.

A miña intervención vai consistir por unha banda nalgunhas consideracións xerais acerca das relacións da toponimia coa xeografía lingüística e a dialectoloxía, e das aplicacións metodolóxicas desas relacións, e por outra banda na exposición dalgúns mapas significativos elaborados a partir da toponimia do territorio da provincia de Ourense e as zonas colindantes, para a que dispoño dunha base de datos de cerca de corenta mil topónimos presentes na cartografía 1:25.000.

## 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

A primeira consideración que quero facer refírese á cronoloxía e a súa relación coas isoglosas. A diferenza do que acontece coa información extraída da fala viva, sincrónica, a toponimia contén vestixios de épocas históricas distintas e pode fornecer información sobre estadios anteriores da xeografía lingüística. Polo regular as formas minoritarias tenden a ser substituídas na fala por outras máis comúns, nun proceso de harmonización espontáneo que se manifesta máis acusadamente nas áreas de fronteiras lingüísticas. A toponimia adoita ser moito máis conservadora cá fala e tende a resistir esa tendencia.

Vexamos uns exemplos. No extremo suroriental da provincia de Pontevedra, nos concellos de Crecente, Arbo e Salvaterra, na fala rexístrase a denominación de *mó* para a moa do muíño e en cambio as filloas reciben maioritariamente a denominación común *filloa*. Pódese supor que nesa zona *mó* é unha forma tradicional local e que en cambio a *filloa* é unha innovación que substituíu unha tradicional *filló*, pois tódolos topónimos resultantes de diminutivos co sufixo -ÓLA presentan aí un resultado en -ó (*Gríxó* < EC-CLESIÓLA, *Figueiró* < FICARIÓLA).

A toponimia, así e todo, tamén acusa esa tendencia harmonizadora. O nome da localidade de Venceáns, no concello ourensán de Entrimo, ten a realización /beɲsiáns/ na fala local, pero cando os informantes do lugar se dirixen a persoas de fóra tenden a usar unha forma “normalizada” /beɲθiás/, máis acomodada ó galego maioritario das áreas ourensás veciñas. A parroquia de Quins, no concello ourensán de Melón, contiguo de Ribadavia, ten a realización /kiɲs/ na fala local (coma tódolos plurais de singulares en -n nesa zona, antigamente pertencente á diocese tudense), pero os seus habitantes tamén coñecen e por veces usan a denominación /kis/, que é a habitual nas veciñas parroquias ribadavienses, tradicionalmente pertencentes á diocese ourensá e onde os plurais de singulares en -n non conservan a nasal.

Un último exemplo para vermos como en ocasións a forma “normalizada” chega a despraza-la forma tradicional do topónimo. O lugar e parroquia de Niñodaguía, no concello ourensán de Xunqueira de Espadanedo, é célebre polos seus oleiros e máis pola anécdota toponímica do seu nome que supostamente figuraba nalgúns repertorios coa disparatada castelanización de “El niño de la Guía”, ou algo así, segundo conta Abelardo Moralejo nun dos artigos recollidos en *Toponimia gallega y leonesa*. A forma *Niñodaguía*, hoxe ademais fixada oficialmente como denominación de orixe dos produtos da artesanía oleira local, imponse paulatinamente na fala da zona; con todo, aínda sobreviven na lingua viva os restos da forma tradicional local *Nodaiga*.

A xeografía do léxico pode corroborar que a forma común do nome da aguia é *aiga* nesa zona.

Unha segunda consideración refírese ás limitacións da toponimia para o estudio dos diferentes aspectos da dialectoloxía. Se para a morfoloxía dialectal a contribución da toponimia é sempre significativa, no léxico non sempre o é, e menos aínda en tanto non dispoñamos dun corpus toponímico suficientemente amplo. Que se rexistre unha forma determinada na toponimia dun territorio só permite afirmar que nalgún momento histórico esa forma estaba presente na fala dese territorio, pero naturalmente non autoriza a pensar na inexistencia doutra forma alternativa para denomina-lo mesmo concepto nesa área; e outro tanto podemos afirmar acerca da ausencia de certos temas léxicos na toponimia de determinadas áreas, pois do caudal léxico presente na fala dunha zona ó longo do tempo só unha mínima parte queda fixada na toponimia.

Desde a perspectiva sincrónica, os elementos toponímicos máis concordantes co léxico común son os termos xenéricos (en topónimos compostos de dous termos, o primeiro xenérico e o segundo específico: *Corga dos Palleiros*, *Monte do Acival*, *Ponte Ambía*), pois están a medio camiño entre o apelativo común e a fosilización toponímica. Desde esta perspectiva, en dous topónimos como *Corga dos Palleiros* e *A Corga*, a información dos dous *corga* é cualitativamente diferente. A isto hai que engadir que se ben no elemento xenérico dun topónimo podemos establecer con poucas dúbidas o seu significado, no específico non sempre teremos información suficiente, a menos que se trate de formas que teñen correspondencia na fala viva, e aínda nese caso debemos actuar con cautela; pénsese en *milló*, *fraga*, etc., que teñen na toponimia significados distintos dos comúns na fala ou, mellor dito, dos que comunmente aparecen como primeira acepción nos dicionarios<sup>1</sup>. En moitos casos o estudio dos diferentes derivados dun mesmo radical pode axudar a determina-lo significado do topónimo no momento da súa consolidación como tal. Por exemplo, para o substantivo *piorno* caben dous significados comúns, un fitonímico, como nome dunha variedade de xesta, e outro como equivalente a *hórreo*, *canastro*, *cabaceiro*, *cabozo*, etc. Se nas proximidades dun topónimo *O Piorno* ou *Os Piornos* rexistramos derivados como *Piornedo* ou *Os Piornás*, formados mediante os sufixos correspondentes a -ĒTU e -ALES e habituais na fitotoponimia, podemos concluír que hai moitas probabilidades

1 O *milló* da toponimia tradicional é o “milló miúdo”, e as *fragas* da toponimia ourensá designan sen excepción penedas ou masas de rochas. Nos dicionarios adoita figurar como primeira acepción de *fraga* a de matorral ou bosque, única ata o dicionario de Eladio Rodríguez, quen introduce como segunda acepción a de “peñascal”.

de que o significado orixinario dese topónimo *O Piorno* ou *Os Piornos* fose fitonímico e non relativo á mencionada construción.

## 2. A TOPONIMIA E ALGÚNS FENÓMENOS DE DISTRIBUCIÓN DIALECTAL

### 2.1. Fenómenos fonéticos

A atención ós fenómenos de distribución dialectal é imprescindible para a correcta interpretación dos topónimos. No que se refire á fonética parece máis evidente: en áreas de *seseo* conflúen nunha mesma forma /séla/ os topónimos procedentes do latín CELLA cos topónimos altomedievais procedentes de SALĒLLA, diminutivo do xermanismo SALA. Nesas áreas e nas que só teñen *seseo* implosivo, un topónimo en *-ís* pode corresponder tanto a un plural en *-ILES* coma un xenitivo antroponímico en *-ICI*, en tanto que en áreas non *seseantes* son perfectamente diferenciáveis. En áreas de *seseo*, por outra banda, nas grafías tradicionais dos topónimos opacos non son raras as ultracorreccións dun *s* interpretado como realización *seseante*, e ás veces esa grafía acaba por impoñerse, como pasa no nome das illas *Cíes*, que tiña en orixe un *S-* inicial. Tamén en Vigo, un topónimo urbano tradicional grafado como *O Chouzo* pasou a realizarse maioritariamente con interdental a pesar de que contén o participio latino CLAUSU, correspondente a *Chouso*.

O outro gran fenómeno fonético con distribución xeográfica, a *gheada*, en xeral non favorece nin prexudica os estudos da toponimia, aínda que nalgúns topónimos poida resultar difícil discernir entre unha desgaleguización castelanizante da prepalatal fricativa xorda galega e a realización con *gheada* da oclusiva velar sonora. Para un topónimo ben coñecido como o chamado *Santuario do Santo Cristo de Gende (Xende)*, no concello pontevedrés da Lama, non dispomos aínda hoxe de argumentos incontestables que permitan saber se é un *\*Guende* con *gheada* ou un *\*Xende* castelanizado, pois caben ámbalas dúas posibilidades (a partir dun xenitivo de dous antropónimos de orixe xermánica) e o topónimo só se rexistra documentado en data relativamente recente. Pódese afirmar que na fala as castelanizacións que substitúen un *x* por un *j* ou un *g* son excepcionais, por máis que se manifesten na escrita, especialmente na toponimia maior. As confusións, con todo, poden dar orixe tanto a formas ultracorrectas en *g*, nun sentido, ou en *x*, no outro. Estas últimas son moito menos probables (na fala popular espontánea a regaleguización dun topónimo aparentemente castelanizado é insólita), pero hai casos sorprendentes como unha serie de topónimos *Ximarás, Ximerás, Xumarás, Ximarei* e semellantes, os máis deles en área setentrional, nas provincias de Lugo e da Coruña, que presentan na fala unicamente a forma coa palatal fricativa cando tódolos indicios apuntan a que se trata de antigos

*Guimarás*, formados do xenitivo WIMARANIS do nome xermánico WIMARA, co que estaríamos ante formas paralelas da hipercharacterización léxica presente na forma do xeniticio “*portuxés*”.

Para o coñecemento do fenómeno da gheada, por outra banda, poden resultar significativas algunhas realizacións fonéticas locais que por veces asoman na escrita dos topónimos. Na zona suroriental de Ourense, o investigador de campo rexistra en ocasións formas como *Frigbeira*, *Frigbeiras* para topónimos que máis frecuentemente aparecen documentados como *Frieira*, *Frieiras*.

Outros fenómenos fonéticos menos relevantes, ou polo menos menos presentes como trazos significativos para delimitar áreas lingüísticas, teñen repercusións no estudio da toponimia. Un deles é o *rotacismo*: nalgúns áreas galegas non hai posibilidade de distinguir, por exemplo, entre *Armeiro* ou *Armoso* procedentes de *Arenario*, *Arenoso* e os procedentes de *Asinario*, *Asinoso*, e en ocasións a documentación escrita fai sospeitar que esa confluencia xa se puido ter producido en época medieval e aínda prerromance. Outro fenómeno de distribución xeográfica que cómpre ter presente no estudio da toponimia é o das *consoantes e semiconsoantes antibióticas*. Por exemplo, dous topónimos coa forma *A Baira* ou *A Bougueira*, localizados na Gudiña, responden, segundo a documentación histórica, a *A Aira* (< ILLA AREA) e *A Augueira* (< ILLA AQUARIA) respectivamente, pero a forma consolidada na actualidade interprétaos cun B- inicial, e o segundo deu orixe a un topónimo plural *As Bougueiras*. Outro fenómeno do plano fonético, que pola información que teño só se localiza nas falas suorientais ourensás, é a *perda do -x final* (*rapá, lu*, por *rapax, luz*) que condena a resultados anómalos moitos topónimos procedentes dos xenitivos de antropónimos en -ICUS ou -RICUS (p. ex. un microtopónimo *Souto de Ermeri* < ERMERICI). Outro fenómeno para o que se poden trazar isoglosas significativas na toponimia é o relativo ó chamado *iode leonés*, que xa foi estudiado por E. Rivas no traballo titulado “A isoglosa *paço/pacio* na provincia de Ourense”.

## 2.2. Fenómenos morfolóxicos

Tanta importancia coma os fenómenos fonéticos, ou aínda maior, encerran os relativos á morfoloxía dialectal e ós diversos resultados de sufixos e terminacións. No galego central (onde a fala rexistra *cas*, fronte a *cans* ou *caís*), os topónimos co sufixo colectivo procedente de -ALES e os de orixe antropónimica en -ANIS ou -ANES conflúen nun mesmo resultado -*ás* (*Carballás*, *Froxás*, este último do xenitivo do antropónimo FROILA), como acontece no galego oriental (*Carballais*, *Froxais*), en tanto que na maior parte do galego occidental dan resultados diverxentes (*Carballás*, *Froxáns*), de onde se conclúe que a toponimia do galego occidental é especialmente válida para identificar

radicais escuros presentes en derivados que levan esa ou esas terminacións. Agora ben, débese ter en conta que a toponimia do galego occidental tamén rexistra casos de *-áns* correspondentes a un étimo en *-ALES* (*Porráns*, *Corzáns*, etc.) e aínda outros casos en que o *n* non etimolóxico aparece en contextos en que se produciu unha caída doutra consoante intervocálica distinta de *-N-* ou de *-L-* (como en *Cividáns* < CIVITATES).

Outro fenómeno significativo é o resultado correspondente a *-ANOS*, presente en numerosos topónimos formados sobre un xentilicio (polo regular son topónimos maiores, ou sexa correspondentes a entidades de poboación, que ilustran sobre determinados movementos demográficos da alta Idade Media). Estes identificanse sen problemas en áreas de *chao/chau*, *irmao/irmau*, ou sexa, no galego central e oriental (e así *Sarreaus*, *Asmaos* —con frecuencia deglutinado en *As Maos*—, *Lobosandaos* ou *Meiraos* resultan recoñecibles como xentilicios correspondentes a *Sarria*, *Terra de Asma* —en Chantada—, *Lebosende* —no Ribeiro— e *Meira*, respectivamente); pola contra, en áreas do galego occidental non estamos en condicións de identificar doadamente xentilicios procedentes de *-ANOS*, e un topónimo como *Bertamiráns* non nos permite saber, sen recorreremos á documentación histórica, se estamos ante un xentivo BERTOMIRANIS, dun nome xermánico de posesor (coa característica flexión dos nomes masculinos xermánicos en *-A*, *-ANIS*), ou ante un xentilicio en *-ANOS* derivado doutro topónimo *Bertomil* (e non moitos quilómetros ó norte de *Bertamiráns* existe unha entidade de poboación chamada *Bertomil*, este si un xentivo de posesor xermánico BERTOMIRI, a partir da flexión latinizante en *-US*, *-I*).

Ten tamén interese para o estudio da toponimia outro fenómeno que non recibiu aínda a atención que merece: a da solución *-airo*, *-aira* para o latín *-ARIU*, *-ARIA*, como en *mazaira* ou *abelaira*. Esta evolución está determinada polo contexto fónico do sufixo, pois require un /a/ na última vocal do radical (en *a aira*, ese A é o do artigo feminino), de xeito que no territorio de *-aira* conviven *abelaira* e *mazaira* con *abelleira* ou *carballeira*, o que permite distinguir nesa zona topónimos *Esqueiro* e *Escairo* (o primeiro derivado de *esca*, o segundo correspondente a SCALARIU). Pola mesma, no resto de Galicia non podemos saber se un topónimo *lodeiro* responde a un derivado de LŪTU ‘lodo’ ou contén o nome da árbore así chamada (< \*LOTONARIU, \*LOTANARIU), mentres que no territorio de *-aria* o primeiro sería *lodeiro* en tanto que o resultado do segundo é *lodairo* (e variantes como *lodoairo*). En boa parte de Galicia conflúen nas formas *padreiro* ou *pradeiro* os derivados dos latinos PRATU e PLATĀNU (e en ocasións tamén os de PĚTRA), pero en territorio de *-aira* mantéñense diferenciados (e por esta razón, probablemente, tendeu a consolidarse no estándar do galego o nome de *pradairo* para

a árbore, mentres que *abelaira* ou *mazaira* son consideradas variantes dialectais).

Topónimos como *Candaira* permiten saber que a forma orixinaria do galego *cando* era unha forma sufixada CANDĀNU, a mesma das formas leonesas e asturianas *cādanu*. Pola mesma razón, podemos afirmar que no galego común *Quinteiro*, *-os*, *-a*, *-as*, relativamente abundantes na toponimia, conflúen dúas formas distintas, unhas procedentes de QUINTARIU e outras de QUINTANARIU. Os topónimos ourensáns *Quintairo*, *-a*, *-os*, *-as* (nomes de entidades de poboación nos concellos de Celanova, Hermisende, Lobeira e Xunqueira de Espadanedo) esixen un étimo QUINTANARIU, pero dentro da mesma área de *-aira* podemos atopar, por exemplo, *A Quinteira* (topónimo menor no concello de Monterrei), que por forza corresponde a QUINTARIA e non a QUINTANARIA. No galego común e nas zonas occidentais da provincia de Ourense, onde non se produce o resultado *-AIRA* < *-A-ARIA*, os topónimos *O Quinteiro* ou *Os Quinteiros* (por exemplo, seis entidades de poboación nos concellos de Carballeda de Avia, Cenlle, O Carballiño, Leiro, O Irixe e San Amaro) poden ter calquera das dúas orixes.


Por razóns semellantes, nalgúns casos en que o derivado en *-airo*, *-aira* non quedou lexicalizado enteiramente e incorporado á fala, podemos atopar alternancias entre dúas solucións na mesma área. Así, un topónimo *As Arandairas* podemos interpretalo como continuación dun primitivo ARANDANARIAS, en tanto que o segundo elemento do nome do *Penedo das Arandeiras*, tamén localizado en área de *-aira*, semella un derivado romance a partir do substantivo *arando*.

A dobre solución *-eira* / *-aira* ten o seu paralelo noutros sufixos, especialmente no correspondente ó lat. *-ĒTA*, tan presente na fitotoponimia, se ben neste caso esa dobre solución non se manifesta na escrita: en territorio de *maceira* o <e> de *Maceda* é pechado, mentres que en territorio de *-aira* é aberto (coma no nome do concello de Maceda /maθéda/). Pola mesma razón rexistramos *Abeledo* e *Candedo* con <e> tónico aberto en territorio de *abelaira* e *candaira*. Xa que logo, en área de *-aira*, a mencionada confluencia de formas pertencentes ós temas léxicos de PLATĀNU, PRATU e PĒTRA non sempre se produce, xa que podemos recoñecerlos topónimos derivados do primeiro pola súa vocal tónica, como sucede nun topónimo menor *Pradedo*, en Laza, que polo /ε/ aberto só pode explicarse como correspondente ó latín PLATANĒTO.

No Mapa 1 vese que o territorio de *-aira* comprende boa parte da provincia de Ourense (e continúa cara ó norte na provincia de Lugo) ata aproximadamente o Miño. Téñase en conta que hai algunhas excepcións: no extremo occidental da provincia, en Avión, rexistrámo-lo topónimo *O Lodalairo*, e polos datos que temos parece que o común *a aira* penetrou en áreas




fronteirizas onde na toponimia non se rexistra a terminación *-aira* senón *-eira*.



Mapa 1. Topónimos en *-aira* / *-eira*

Tampouco se lle prestou aínda a atención que merece a outro fenómeno con distribución dialectal que xa mencionamos ó comezo: o diferente resultado do sufixo diminutivo en *-OLA* (e semellantes, como en *MOLA*). O resultado maioritario en galego é *-oa*, pero existe tamén un segundo resultado en *-ó*, coincidente co portugués, en áreas meridionais do galego occidental (unha pequena parte na provincia de Ourense tamén, segundo se ve no Mapa 2), e un terceiro con desprazamento acentual en *-oá*, característico de case toda a provincia de Ourense e parte da de Lugo. Os concellos de transición, onde conviven dúas solucións, figuran en branco no mapa, por non dispormos de datos que permitan trazar unha isoglosa ben definida. Non se rexistra o desprazamento acentual no extremo nororiental, no territorio pertencente á diocese de Astorga, onde hai topónimos *Taboazoa*, *Grixoa*, etc. Na tradición dos estudos toponímicos galegos víñanse interpretando os topónimos en *-oá* como resultantes dun suposto derivado co sufixo *-ANA* (*Cabreiroá* e *Casasoá*, por exemplo, procederían, segundo esa interpretación, de *\*CAPRARIOLANA* e *\*CASA SOLANA*); pero a documentación antiga é incontestable, pois as formas respectivas con que se rexistran estes exemplos en latín son sempre *CAPRARIOLA* e *CASA SOLA*.




Mapa 2. Topónimos en -ó / -oa / -oá

Malia a tendencia á harmonización, no léxico común tamén se produce o mesmo desprazamento acentual (en Terras de Monterrei, non lonxe de Cabreiroá, puidemos constata-la vixencia de *teiroá* como denominación común da parte do arado que noutras áreas se denomina *teiroa*, por exemplo, en tanto que a *moa* do muíño recibe con frecuencia este nome, e non o esperable *moá*, que seguramente foi a forma histórica nesas áreas ourensás, como proba, ademais, o nome da coñecida Serra da Moá). Valladares recolle no seu dicionario a forma *teiroá*, pero non indica localización.

Na toponimia da zona oriental, que tamén presenta particularidades léxicas exclusivas, como vemos no Mapa 3, rexístranse abundantes vestixios de derivados fitonímicos femininos en -ALE correspondentes a denominacións de árbores froiteiras (*a figal, a cereixal, a mazal, a nogal...*; cfr. o nome do concello lugués das Nogais), paralelos ou coincidentes coas formas asturianas e leonesas. En moitos casos esas denominacións non sobreviven na fala: no concello de Vilamartín de Valdeorras, onde rexistramos varios topónimos *A Cereixal*, o nome común da cerdeira é hoxe *cereixón*.

### 2.3. Léxico

Desde o punto de vista do léxico toponímico, a área máis singularizada do territorio estudado é a súa zona oriental, probablemente pertencente na antigüidade ó convento asturicense, a diferenza do resto da actual provincia ourensá, que pertencería ó bracarense.



Mapa 3

Alguns elementos léxicos característicos da toponimia do oriente ourensán son *balsa* / *balsada*, *barranco*, *cavarco* / *cavorco* / *cavoco*, *rebolo* e derivados, *xardón* e derivados, etc. Aínda que algúns deles non son exclusivos desa zona, noutras áreas só rexistran presenza esporádica. Máis exclusivos son os catro termos que figuran no Mapa 3: *sestil* ‘pastos con sombra’, *cavaxe* ‘arrotea, roza, zona de cultivo ou de pastos gañada ó bosque’, *mallada* ‘zona de pastos, cercada, na montaña’ e *foio* ‘trampa para lobos’ (solución diverxente do galego común *foxo*).